Os Monicreques de Kukas

Xan Perillán

e

a maleta máxica

Fichas de actividades

Autora: Isabel Rey Pousada

FICHAS ACTIVIDADES

Os Monicreques de kukas

www.kukas.redbiocultural.net

Recorta e pega ao teu xeito os pantalóns, a camiseta e o chapeu do pallaso











Os Monicreques de kukas

www.kukas.redbiocultural.net

Os Monicreques de kukas

www.kukas.redbiocultural.net

FICHAS ACTIVIDADES

Pinta ao teu gusto a silueta do pallaso

Corta e pega ou debuxa bocas e cellas

Canción de Xan Perillan

Xan Perillán
a cabalo dun can;
o can era coxo,
tirouno nun pozo;
o pozo era frío,
tirouno nun río;
o río era branco,
tirouno nun campo;
o campo era roxo,
tirouno nun toxo;
o toxo picaba,
Xan Perillán berraba
e o can escapaba.

material necesario:

calcetín, cartolinas, bolas ping pong, botón, las, cola de contacto.

material necesario:

1 rolo papel hixiénico, 1 pao, grapas e grapadora, cola de contacto, cartolina, botóns, las, retais tecido,pelota ping pong ou pompon de la

Fai os teus fantoches

Monicreque dun can feito cun calcetín

- Colle un calcetín vello.
- Corta un feltro ou cartolina para facer as orellas e logo pégaas ao calcetín.
- Despois pega os ollos (botóns, bolas de pimpón, redondeliños de cartón, etcétera).
- Tamén podes poñerlle cabelos, carrapichos ou mostachos feitos de la.
- Logo mete a man por dentro e a actuar.

Monicreque dun pallaso

Para facer a cabeza:

- Colle un rolo (de papel hixiénico por exemplo).
- Pégalle unha variña de madeira de uns 30 cm. polo menos.
- Logo pégalle os ollos con botóns, pelotas de ping pong, ou pintándoos se queres …
- Para facer o nariz podes dobrar unha cartolina que pegarás ó rolo ou unha pelota de ping pong pegada.
- A boca pode ser pintada ou de cartolina recortada e pegada.
- Logo ponlle cabelos de la, ou un sombreiro, ou un capirucho (si é unha bruxa ou fada).
- Logo píntaa ao teu gusto con *tempera* ou *acrílico*.

Para facer o corpo:

- Colle un cacho de lenzo cadrado e faille un furado no centro.
- Pasa o pao polo furado, deixando un pouquiño por arriba para que faga de pescozo.
- Coloca o pano en forma de poncho triangular e pégao.
- Dos extremos do lenzo ponlle unhas mans de cartolina ou feltro.
- Pon uns arames ás mans … e a practicar.

Compas Chinés



Cara A

Cara B

Recortar os octógonos.
1º Recortar a cara A e pegala a unha cartolina
2º Recortar a cartolina polos lados do octógono



3º Recortar a cara B e pegala no revés da cartolina
4º Seguir as instruccións do vídeo

Papel máxico

1º Recortar o papel pola liña de puntos
2º Cortar pola liña encarnada
3º Dobrar pola metade
4º Seguir as instruccións do vídeo

(Axúntanse plano para 10 Papeis)



Monicreques
de
Kukas

Rúa do Tambre, 197 A
15705 Santiago de Compostela
981562734 / 609884630
monicreques@hotmail.com
www.kukas.redbioculturai.net

Vocabulario

Busca 5 sinónimos da palabra monicreque:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Busca no diccionario o significado das palabras do encerado:

- chirimbolo_____
- chisme_____
- chintófano_____
- choio_____
- chafallada_____
- chilindrada_____

Enlaces vídeos demostrativos

Instrucións do xogo de maxia "o compás chinés".
http://www.youtube.com/watch?v=sTqnCwCZhZE

Instrucións do xogo de maxia do "papel máxico".

http://youtu.be/xqU4YU_nRww

Instrucións do xogo de maxia da "man imantada "
http://youtu.be/nI-12m4O7FY

Instrucións da realización e uso do cágado de ra.
http://youtu.be/qD0tcZxk1UQ

Instrucións do pregado e uso do helicóptero de papel.
http://youtu.be/RQTkwgoQMc8

Páxina web Os monicreques de Kukas
http://www.kukas.redbiocultural.net

Facebook Os Monicreques de Kukas
https://www.facebook.com/pages/Os-Monicreques-de Kukas/264668446897349